

TERMOS DE REFERENCIA

CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA
A CAPACITACIÓN EN COMPETENCIAS DIXITAIS DE PERSOAS CON DANO CEREBRAL E
FAMILIAS USUARIAS DAS ASOCIACIÓNS MEMBRO DE FEGADACE

Índice

1.	A federación. Caracterización básica	2
2.	O movemento asociativo en cifras	2
3.	Visión, visión e plan estratéxico da federación	3
4.	O dano cerebral adquirido	3
5.	Marco contextual	4
6.	Obxecto e alcance do servizo	6
7.	Actividades	7
8.	Prazos de pago estipulados por produto esperado	8
9.	Requisitos	9
10.	Premisas do servizo, propiedade intelectual, autoría e publicación	9
11.	Duración do servizo	10
12.	Presentación de propostas	10

1. A FEDERACIÓN. CARACTERIZACIÓN BÁSICA

A Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) representa a case 1.900 familias de persoas con dano cerebral adquirido. Constitúese en maio de 2007 polas cinco asociacións galegas de dano cerebral:

- Asociación de Dano Cerebral de A Coruña – ADACECO.
- Asociación de Dano Cerebral Adquirido de Lugo- ADACE.
- DCA Ourense Renacer.
- Alento- Asociación de Dano Cerebral, situada en Vigo.
- Asociación Sarela, situada en Santiago de Compostela.

A Fegadace está declarada Asociación de Utilidade Pública desde o 20 de decembro de 2013. É unha organización non governamental, privada sen ánimo de lucro, independente, apartidista e aconfesional comprometida coa defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral.

A Federación Galega de Dano Cerebral persegue a plena inclusión e a mellora da calidade de vida dos galegos e galegas con dano cerebral e das súas familias. Pretende sensibilizar a sociedade en xeral con respecto á dimensión desta discapacidade, implicar as institucións e cantas iniciativas se dirixan a resolver os retos da rehabilitación, inclusión e normalización social do colectivo.

A Fegadace desenvolve o seu labor dentro dos seguintes ámbitos de actuación:

- Apoio e asistencia ás entidades federadas e familias de persoas con dano cerebral.
- Información, sensibilización, divulgación e investigación sobre o dano cerebral.
- Intervención e desenvolvemento de programas e proxectos dirixidos ás entidades
- Intervención e desenvolvemento de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas e ás persoas con dano cerebral e ás súas familias.
- Captación de fondos.
- Representatividade e incidencia política.

2. O MOVEMENTO ASOCIATIVO EN CIFRAS

Na actualidade, o movemento asociativo do dano cerebral en Galicia representa a 2.017 persoas socias, a meirande parte persoas socias con dano cerebral (1.207). A Asociación Sarela (Santiago de Compostela) e ADACECO (A Coruña), son as entidades con maior número de persoas asociadas, con 719 e 459 persoas socias respectivamente. Mentres que ADACE-Lugo conta con 236, ALENTO-Vigo con 268 e RENACER Ourense con 245.

O total de profesionais, a 31 de decembro de 2020, ascende a 123 -incluíndo a 5 persoas traballadoras da propia Federación, sendo Alento (Vigo) a asociación con maior número de persoal empregado: 55 profesionais. SARELA con 32 ocuparía o segundo lugar en número de persoal, seguida por ADACECO con 18, ADACE e RENACER con 9, respectivamente.

3. VISION, VISION E PLAN ESTRATÉXICO DA FEDERACIÓN

Misión

Fegadace é a entidade social que une, dinamiza e representa o movemento asociativo do dano cerebral en Galicia, cuxo obxectivo é desenvolver a acción social, institucional e técnica para acadar a autonomía e a mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral e das súas familias.

Visión

Fegadace representa a un movemento asociativo consolidado, forte e cohesionado que traballa para visibilizar o dano cerebral e situalo na axenda social de Galicia, na perspectiva de seguir mellorando o seu coñecemento, achegar ás persoas con dano cerebral e ás súas familias un óptimo acceso aos recursos e facilitarlles o pleno exercicio dos seus dereitos de cidadanía.

Plan Estratéxico 2020-2023

FEGADACE conta con unha planificación estratéxica de ámbito temporal 2020-2023, que se organiza en cinco grandes ámbitos de actuación ou liñas estratéxicas. Nomeadamente:

- Liña Estratéxica 1.- Acción política e fortalecemento da presenza social da federación
- Liña Estratéxica 2.- Comunicación externa e sensibilización social sobre o dano cerebral
- Liña Estratéxica 3.- Proxectos e programas para a mellora da calidade de vida
- Liña Estratéxica 4.- Crecemento e cohesión asociativa
- Liña Estratéxica 5.- Consolidación estrutural e sustentabilidade económica da federación

Cada unha destas liñas conta con entre dous e tres obxectivos operativos que á súa vez se desgranan en accións e metas para executar no marco temporal de catro anos. Pode consultarse completo [aquí](#).

4. O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

O dano cerebral adquirido é a discapacidade resultante dunha lesión que se produce nas estruturas cerebrais de forma súbita en persoas que naceron sen dano ningún no cerebro, provocando diferentes secuelas. A lesión pode estar causada por unha enfermidade (ictus, tumor cerebral, anoxia, doenza metabólica etc.) ou por un traumatismo cranioencefálico (motivado por un accidente de tráfico, accidente laboral, un golpe, unha caída etc.).

As secuelas do dano cerebral son diferentes e heteroxéneas, e xeran distintos tipos e niveis de discapacidade segundo a persoa e a lesión. Co dano cerebral adquirido perde sentido falar de discapacidade física, psíquica ou sensorial: son moitas ao mesmo tempo, e preséntanse en diferentes proporcións e intensidades segundo a persoa.

O dano cerebral chega de súpeto, modificando totalmente os proxectos de vida. As consecuencias do dano cerebral engloban cambios profundos en todos os ámbitos vitais, tanto para a persoa con dano cerebral como para a familia e o seu medio social.

Na actualidade, o número estimado de persoas con dano cerebral adquirido en Galicia é de preto de 36.000 e cada ano prodúcese un mínimo de 7.000 novos casos.

O movemento asociativo do dano cerebral xorde no ano 2000, co nacemento de tres das cinco entidades federadas -ADACECO, Alento e Sarela-, para dar solución á falta de recursos de atención para estas persoas e as súas familias, así como para situar esta discapacidade na axenda política e social, para unha mellor resposta das distintas administracións, nomeadamente das competentes no ámbito sanitario e social.

5. MARCO CONTEXTUAL

As TIC son ferramentas computacionais e informáticas e as técnicas utilizadas para o procesamento, almacenamento, desenvolvemento e transmisión de toda a información multimedia. É dicir, os recursos que se necesitan para tratar a información a través de ordenadores, todo tipo de dispositivos, aplicacións e redes. O acceso a elas é unha práctica habitual para unha boa parte da poboación e integráronse na vida cotiá da sociedade, o que implica un cambio fundamental na forma de relación entre as persoas. Son múltiples os beneficios do uso destas novas formas de comunicación: acceso á información, fomento da comunicación entre amigos e familias, ocio, compra-venta, socialización, asistencia a actividades terapéuticas, deportivas, etc. Na actualidade e especialmente nos últimos meses, non concibimos as nosas rutinas sen acceso a estas tecnoloxías.

No conxunto da poboación española, segundo os últimos datos do [Observatorio Nacional das Telecomunicacións e a Sociedade da Información](#) (ONTSI), apenas o 18% das persoas residentes en España non utiliza internet nin TICs en xeral, unha cifra que se multiplica por catro no caso de persoas con discapacidade, sendo similar a situación entre os distintos tipos de discapacidade, situándose no 80,3% (persoas que non usan de TIC) no caso da cognitiva, no 70% na física, no 67% na auditiva e no 61.3% na visual, entre outras.

Aprécianse diferencias significativas por idades, acadando o seu pico mais alto (de non utilización) entre as persoas maiores, das que case o 90% non as utiliza, mentres que entre os xoves menores de 45 anos, esa porcentaxe diminúe ata o 31,1%. Se ollamos para os datos da comunidade autónoma de Galicia, só un 5,9% das persoas con discapacidade inquiridas (1.103) para a elaboración do Informe Olivenza 2017, no que se aborda a "discapacidade e uso das TIC", utilízanas de forma habitual para calquera ámbito do seu desenrolo vital.

Mais do 59% das persoas con discapacidade intelectual e/ou cognitiva refire non utilizar o teléfono móbil/ smartphone alegando como algúns dos principais motivos "ser moi caro para as súas posibilidades", así como que "lle parece moi avanzado e complexo o seu uso" por non estar adaptado ao seu tipo de discapacidade. No que respecta a actividades realizadas a través do seu dispositivo móbil, 9 de cada dez persoas refiren utilízalo unicamente para comunicarse con outras persoas, mediante chamada, e non facelo para servizos como comercio electrónico, xestións (bancarias, coa administración,...) nin actividades de ocio, deporte, cultura. Tampouco as actividades relacionadas coa súa atención terapéutica poden ser

realizadas a través dese medio por estas persoas. Todos estes datos, xunto con outros, como “cales son os principais motivos polos que non utiliza internet?”, ao que a resposta do 61% das persoas é pola inaccesibilidade para o seu tipo de discapacidade que provoca a complexidade do seu uso, así como a escasa alfabetización dixital na nosa sociedade, son detallados no capítulo 6 do [Informe Olivenza 2017](#), editado polo [Observatorio Estatal de Discapacidade](#).

A realidade é que as TIC supoñen unha gran oportunidade para que as persoas con discapacidade en xeral, e con dano cerebral en particular, consoliden os seus procesos de inclusión real na sociedade desde as etapas mais temperás da súa discapacidade. Sen embargo, e ante a evidencia dos datos anteriormente citados, as fendas de acceso a medios e información dixital motivan unha falta de igualdade de oportunidades, algo totalmente inmoral e inaceptable, como calquera causa de iniquidade social, polo que conleva de diminución das oportunidades de desenvolvemento das persoas e os sociedades. A posibilidade de estar comunicadas e ter acceso á información, así como a creación das capacidades para a súa análise crítica, xa están consideradas como un dereito humano, no que a tecnoloxía ten un papel cada vez máis relevante. Só así se pode xerar transformación e impacto social así como construír e contribuír a crear unha cidadanía dixital con mais oportunidades, participativa e inclusiva.

No caso do dano cerebral adquirido, [primeira causa de discapacidade](#) na idade adulta, tanto en Galicia, como en España, con unha gran prevalencia das secuelas cognitivas e intelectuais, esta situación é manifestamente grave e preocupante. En Galicia son cerca de 8.000 os novos casos (incidencia) de DCA os que se producen ao ano e mais de 49.000 persoas ([segundo estudo publicado pola Fundación GMP](#), en colaboración coa [Plataforma Española por el DCA](#), en 2018) as que conviven de forma crónica co DCA (prevalencia). Destas case 50.000 persoas unha meirande parte vive no medio rural, é maior de 65 anos, non ten alfabetización en uso de TICs, e encóntranse en situación de vulnerabilidade económica. Todos eles, entre outros, son determinantes chave para o agravamento da fenda dixital na nosa contorna e o noso colectivo.

Á manifesta e notable insuficiencia de recursos tecnolóxicos así como de formación dixital que viven as persoas con dano cerebral en Galicia, **súmanse outros obstáculos na súa carreira cara o a súa autonomía persoal e plena inclusión social**, como son: os riscos que entraña o uso inadecuado das TIC, o que as sitúa nunha **situación de extrema vulnerabilidade fronte ás diferentes formas de fraude, abuso, maltrato, incluíndo as cibernéticas**. **As persoas con dano cerebral, con graves secuelas cognitivas e intelectuais, son moito mais vulnerables a sufrir diferentes tipos de abuso e maltrato.** De feito, estímase que son [entre 4 e 10 veces mais vulnerables a sufrir un maltrato](#), sendo algúns [dos factores que fan que as persoas con discapacidade intelectual e cognitiva un colectivo especialmente vulnerable](#) a sufrir os usos nocivos que poden ter as TIC: elevada desexabilidade social, escasa asertividade, o seu pouco coñecemento sobre o bo uso das TIC, ou as súas dificultades para coñecer conceptos fundamentais como o da intimidade e o pudor.

Neste contexto, **é imprescindible** que as persoas con dano cerebral accedan a **(i) recursos e medios tecnolóxicos suficientes e de calidade, (ii) formación adecuada sobre o seu uso e as TIC e sobre todo o potencial que estas teñen**, así como os beneficios para a socialización e as vantaxes de do uso das mesmas. Ademais das propias persoas con DCA, **é fundamental tamén que as súas familias/ persoas coidadoras teñan o mesmo acceso, para que poidan mellorar na atención e coidados que lles brindan.** Como tamén deben de aprender ferramentas de

detección e pautas de actuación en casos de risco para a seguridade das súas persoas con dano cerebral, para poder despreñar os mecanismos de protección suficientes e correctos para velar polo seu benestar.

En conclusión, se ben é certo que cada vez son mais as iniciativas, modelos, proxectos, programas e accións dirixidas a mellorar a dispoñibilidade de TIC e o seu uso na sociedade galega, aínda son practicamente anecdóticas este tipo de intervencións con persoas con discapacidade e con dano cerebral, particularmente. A realidade social e as necesidades que presenta este colectivo demandan un traballo en profundidade nesta materia que debe de iniciar canto antes, de maneira a xerar a oportunidade para a transformación social que se tornou mais relevante ca nunca no entorno da crise sanitaria provocada pola COVID19, que puxo ao mundo nun serio constrinximento, ata o punto de que todas as persoas tiveron que paralizar as súas vidas coñecidas permanecendo illadas nas súas casas, sen acceso aos seus recursos terapéuticos, sociais, etc.

Tras esta análise da situación das persoas con dano cerebral e a súas familias na nosa contorna, no que respecta ao acceso á tecnoloxía e medios dixitais de información e comunicación, e despois de ter mencionado a situación excepcional que estamos a vivir pola crise sanitaria mundial, ratifícase que á hora de acceder aos recursos que nos corresponden polas nosas discapacidades, é fundamental poder acceder a internet e, en xeral, manexar as novas tecnoloxías, en todos os ámbitos e dimensións da vida (social, laboral, de información, sanitario, de entretemento, de formación, etc.), y que esta necesidade ten que ser respondida polos axentes sociais e públicos responsables de garantir o cumprimento do dereito de todas as persoas.

6. OBXECTO E ALCANCE DO SERVIZO

Dentro das liñas 4 e 5 do plan estratéxico 2020-2023 de FEGADACE, e no marco do proxecto "STOP_Fenda Dixital nas persoas con dano cerebral de Galicia", financiado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, recóllese a necesidade de traballar co **obxectivo global de solventar a fenda dixital á que se enfrontan as persoas con dano cerebral e as súas familias, que residen en Galicia e son usuarias dos servizos de atención terapéutica fornecidos polas 5 asociacións de dano cerebral galegas.** Mellorar a dispoñibilidade e accesibilidade aos recursos e medios tecnolóxicos así como **capacitar ás persoas para o uso responsable e seguro das tecnoloxías da información e comunicación** para reducir o seu risco de exclusión social, illamento e deterioro global por non poder acceder a todos os servizos necesarios, **son varias das metas deste programa.**

No que respecta á compoñente formativa, os resultados esperados da mesma, céntranse na capacitación e avaliación das competencias dixitais das persoas con dano cerebral para adquirir coñecementos e habilidades, como mínimo, nos seguintes ámbitos:

- (i) Utilización básica de dispositivos electrónicos e accesibilidade: (1) aspectos básicos; (2) accesibilidade; (3) interacción e destreza, (4) funcións avanzadas, ...
- (ii) Utilización básica de internet: (1) Navegadores e buscadores; (2) correo electrónico; (3) realización de xestións e trámites en liña; (4) plataformas dixitais de comunicación

- (iii) Uso do compás e o localizador gps dos nosos dispositivos tecnolóxicos:
 - Coñecer a nosa localización a través de aplicacións como google maps
 - Gardar a localización de sitios habituais (a nosa casa) ou temporais.
 - Buscar unha dirección.
 - Aprender a seguir indicacións para volver aos lugares gardados ou procurados.
 - Enviar a nosa localización actual (WhatsApp)
- (iv) Aplicacións: (1) como descargalas; (2) categorías; (3) apps e recursos formativos; (4) google classroom,...
- (v) Redes Sociais: (1) tipos; (2) privacidade en rrss; (3) uso responsable
- (vi) Outros recursos: recursos para realización de terapia/ rehabilitación en liña/ consultas/ asesoramentos terapéuticos, acceso a recursos de ocio e lecer: museos virtuais, lectura dixital, formación, viaxes interactivas, deporte, etc.

Neste marco, preténdese contratar o servizo de consultoría para o **Deseño e Execución dun plan Capacitación sobre Competencias Dixitais** para persoas usuarias e familias das asociacións de dano cerebral membro de FEGADACE, que faciliten a súa autonomía persoal e a calidade de vida tanto das persoas con dano cerebral como das súas familiares/ coidadoras/os.

O equipo ou profesional contratadas/os será encargada/o de:

1. Deseño dun **plan de Capacitación sobre Competencias Dixitais** para persoas usuarias e familias das asociacións de dano cerebral membro de FEGADACE.
2. **Impartir as sesións formativas** recollidas no Plan de Capacitación sobre Competencias Dixitais para persoas usuarias das 5 asociacións de dano cerebral membro de FEGADACE, en coordinación coas profesionais das asociacións e a federación.
3. **Sistematización da metodoloxía** utilizada e **dos resultados das sesións formativas** para facilitar a replicabilidade das accións de Capacitación En Competencias Dixitais por parte das profesionais das asociacións

7. ACTIVIDADES

Do equipo a contratar espérase o desenvolvemento, como mínimo, das seguintes actividades:

1. **Reunións de traballo coa federación para definir a opción metodolóxica**, deseñar os instrumentos/ manuais/ contidos formativos requiridos e definir o plan de acción e calendario de traballo da consultoría.
2. **Deseñar o plan de Capacitación sobre Competencias Dixitais** para persoas usuarias das asociacións de dano cerebral membro de FEGADACE.
3. **Programar as sesións formativas** recollidas no Plan de Capacitación sobre Competencias Dixitais para persoas usuarias das 5 asociacións de dano cerebral membro de FEGADACE, en coordinación coas profesionais das asociacións e a federación.
4. **Impartir as sesións formativas** recollidas no Plan de Capacitación sobre Competencias Dixitais para persoas usuarias das 5 asociacións de dano cerebral membro de FEGADACE, en coordinación coas profesionais das asociacións e a federación.

5. **Sistematización da metodoloxía** utilizada e **dos resultados das sesións formativas** para facilitar a replicabilidade das accións de Capacitación En Competencias Dixitais por parte das profesionais das asociacións.
6. Outras actividades que sexan acordadas entre a consultoría contratada e as direccións da federación/ asociacións, ao inicio dos traballos ou durante a realización dos mesmos.

No transcurso da consultoría deberanse incluír obradoiros, nos cales participarán: xunta directiva, equipo técnico da federación, xuntas directivas das asociacións federadas e respectivas direccións, e persoal que sexa designado nos equipos de traballo.

As datas, número e duración dos obradoiros serán definidas entre o/a Consultor/a e a Dirección Técnica.

8. PRAZOS DE PAGO ESTIPULADOS POR PRODUCTO ESPERADO

Os produtos esperados e prazos estipulados do servizo son:

	Produtos esperados	Prazo	Pago
1	Deseño dun plan de Capacitación sobre Competencias Dixitais para persoas usuarias e familias das asociacións de dano cerebral membro de FEGADACE.	Aos 30 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo	20%
2	Impartir as sesións formativas recollidas no Plan de Capacitación sobre Competencias Dixitais para persoas usuarias das 5 asociacións de dano cerebral membro de FEGADACE, en coordinación coas profesionais das asociacións e a federación.	Aos 125 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo	60%
3	Sistematización da metodoloxía utilizada e dos resultados das sesións formativas para facilitar a replicabilidade das accións de Capacitación En Competencias Dixitais por parte das profesionais das asociacións	Aos 180 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo; Ou unha vez finalizado o servizo, no caso de producirse antes deste horizonte temporal	20%

9. REQUISITOS

Profesional/ equipo con formación académica e experiencia demostrada nas seguintes áreas:

1. Estudos superiores en Comunicación, Tecnoloxías de Información e Comunicación, Sistemas audiovisuais, telemáticos e/ou de telecomunicación.
2. Tamén considerables estudos superiores en Educación Social, Traballo Social, Logopedia, Psicopedagogía, Ciencias Sociais ou afíns, con formación e/ou experiencia complementaria en manexo e utilización de TICs desde un punto de vista da docencia.
3. Experiencia de traballo en programas formativos e de capacitación con persoas con discapacidade intelectual, cognitiva. Desexable con persoas con dano cerebral adquirido.
4. Experiencia contrastada como docente/ facilitador/a de tecnoloxías de información e comunicación, competencias dixitais básicas e avanzadas con persoas con discapacidade e/ou infancia.
5. Formación e experiencia en técnicas de facilitación de obradoiros e outras actividades participativas, conducentes a construír coñecemento consensuado.
6. Dispoñibilidade para facilitar as sesións formativas nas sedes das asociacións federadas, situadas nas cidades de Lugo, A Coruña, Vigo, Ourense e Santiago de Compostela.
7. Capacidade de facilitar as sesións formativas e de elaboración dos produtos requiridos en linguas galega e española.

10. PREMISAS DO SERVIZO, PROPIEDAD INTELLECTUAL, AUTORÍA E PUBLICACIÓN

A propiedade intelectual dos produtos deste servizo, sen prexuízo do recoñecemento de autoría, corresponderá a FEGADACE. Por tanto, a difusión dos resultados e produtos xerados deberán rexerse e respectar as políticas e directrices establecidas por FEGADACE, conforme:

- **Anonimato e confidencialidade.** – O traballo respectará o dereito das persoas a proporcionar a información asegurando o seu anonimato e confidencialidade. O equipo/ persoa consultora garantirá durante todo o proceso de elaboración de traballo, o cumprimento das correspondentes cláusulas e exixencias do RGPD vixente.

- **Responsabilidade.** – Calquera desacordo ou diferenza de opinión que puidera xurdir entre os membros do equipo ou entre estes e os responsables de FEGADACE, en relación coas conclusións e recomendacións, debe ser mencionada no informe final de consultora. Calquera afirmación debe ser sostida polo equipo ou deixar constancia do desacordo sobre ela.
- **Integridade.** – A/as persoa/as consultora/as terán a responsabilidade de poñer de manifesto cuestións non mencionadas especificamente neste documento, se fora necesario para obter unha análise máis completa do traballo a realizar.
- **Incidencias.**- No suposto de aparición de problemas durante a realización do traballo deberán ser comunicados inmediatamente a FEGADACE. De non ser así, a existencia de ditos problemas, en ningún caso poderá ser utilizada para xustificar a non obtención dos resultados establecidos no presente documento.
- **Verificación da información.** - Corresponde ao equipo consultor garantir a veracidade da información utilizada para a realización do servizo.
- **Produtos esperados** – A difusión da información recompilada, ferramentas xeradas e de calquera produto elaborado no ámbito desta consultora é prerrogativa de FEGADACE.
- **Entrega dos produtos** - En caso de retraso na realización do servizo ou no suposto en que a calidade dos resultados obtidos sexa manifestamente inferior a lo pactado con FEGADACE, serán aplicables as penalizacións previstas no contrato que se celebrará entre a empresa/experto/a e a federación.

11. DURACIÓN DO SERVIZO

A duración do presente servizo poderá modelarse en función das propostas técnicas, metodolóxicas e económicas recibidas, tendo un horizonte temporal máximo de 180 días (6 meses), contados dende o día seguinte á data de sinatura do contrato, establecida idealmente, para o 3 de maio de 2021.

12. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

As propostas (técnica e económica), acompañadas do CV do equipo ou empresa candidata, e acreditacións das interesadas/os en participar no proceso de selección, deberán entregarse ata o **11 de abril de 2021 ás 23:59**

Estas deberán remitirse á atención da Dirección de FEGADACE: Begoña Hermida Val, a través do enderezo electrónico direccion@fegadace.org, con copia ao enderezo fegadace@fegadace.org. Para calquera dúbida poden contactar a través deses mesmos contactos e/ou dos números de teléfono 659177709 e 881943148.